

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2014**

<u>ASISTENTES</u>	
	GRUPO POLÍTICO
<u>ALCALDE:</u>	
D. José Fervenza Costas	PP
<u>CONCELLEIROS/AS:</u>	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Vicente Verdeal Ríos	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<u>SECRETARIO:</u>	
D. Adamantino Barreiro García	
<u>AUSENTES:</u>	

En Moaña, o 26 de decembro de 2014, venres, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Información sobre o cumprimento ou estado da xestión das mocións presentadas polas

- asociacións ou entidades rexistradas
- 3º.- Resolucións da Alcaldía
- 4º.- Regulación da exclusión da obriga de facturar electronicamente (art. 4 da *Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público*)
- 5º.- Designación representante da corporación no consello escolar do IES A PARALAIÁ
- 6º.- Moción do colectivo "Touradas fóra de Pontevedra" sobre declaracións varias en canto a festexos taurinos no Concello de Moaña
- 7º.- Moción do colectivo "Touradas fóra de Pontevedra" contra espectáculos circenses con animais
- 8º.- Moción da Federación de AA.VV. de Moaña "A Chamusca" en relación ao Paseo da Seara
- 9º.- Moción do BNG sobre tarifa eléctrica galega
- 10º.- Moción do BNG sobre novos contratos con SOGAMA
- 11º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 27 de novembro de 2014, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria da data 27 de

novembro de 2014.

2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS

O Sr. Alcalde informa das xestións das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas, así como as datas nas que se remitiron. Informa que a moción presentada pola Asociación A Chamusaca foi enviada a Portos de Galicia o 19/11/2014 A moción do PS de G-PSOE remitiuse a Intervención e a Urbanismo.

3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 464, do 25/11/2014, e a número 514, da data 22/12/2014.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

4º.- REGULACIÓN DA EXCLUSIÓN DA OBRIGA DE FACTURAR ELECTRONICAMENTE (ART. 4 DA LEI 25/2013, DO 27 DE DECEMBRO, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO)

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 23/12/2014.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Regulación das exclusións da obriga de facturación electrónica (art.4 Lei 25/2013)

O artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, establece a posibilidade de que todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública poidan expedir e remitir factura electrónica, sendo en todo caso obrigatorio o uso da factura electrónica e a súa presentación a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas que corresponda para determinados tipos de provedores a partir do 15 de xaneiro de 2015.

*Non obstante, no seu apartado segundo, establece que as Administracións Públicas **poderán excluir regulamentariamente** da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.*

Visto que de conformidade co disposto no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, sen prexuízo dos bandos da Alcaldía, a potestade regulamentaria dos concellos materialízase a través das ordenanzas e regulamentos aprobados polo Pleno municipal.

Ademais as entidades locais poden regular os seus procedementos nas Bases de execución do orzamento, tal e como establece o artigo 9 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de presupostos.

*Visto o anterior, e coa finalidade de regular as exclusións permitidas pola Lei 25/2013, en tanto non se consolide o uso da factura electrónica, **PROPONSE:***

Primeiro.- Engadir nas Bases de execución do orzamento para o 2014 unha nova base 25.1., denominada “Tramitación da facturación electrónica”, cuxo contido será o seguinte:

“Base 25.1: Tramitación da facturación electrónica

1.- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015 e, en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

- .- Sociedades anónimas.*
- .- Sociedades de responsabilidade limitada.*
- .- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.*
- .- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.*
- .- Unións temporais de empresas.*
- .- Agrupacións de interese económica, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital de risco, fondo de investimentos, fondo de utilización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulización hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.*

En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00€, impostos incluídos.

Este Concello determina establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus informes 43/2008, do 28 de xullo de 2008 e 26/2008, do 2 de decembro de 2008, que dispoñen que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluíndo o imposto sobre o valor engadido.

Igualmente, quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos”.

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o expediente, tras o anuncio no BOP, por 15 días, durante os cales quen teña interese poderá examinar o expediente e presentar as reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno deberá resolvelas.*

Moaña, 17 de decembro de 2014. O Alcalde José Ferverza Costas.»

- Don Odilo Barreiro indica que se vota a regulación da obriga de facturación electrónica. Sinala que non está de acordo con que a cantidade sexa 5.000 €, xa que debería ser pola tipoloxía de empresa e non polo importe. Non obstante, van votar a favor. Engade que debería ser unha competencia do Goberno galego. Espera que se inclúa no orzamento novo.
- Dona Rosa Solla indica que tratamos de regular neste corte dos 5.000 €. para os que facturen menos ca o Concello. Agradécelle o seu apoio para impulsar a factura electrónica.
- Dona Marta Freire indica que se absterá na votación. Está de acordo co establecido respecto das facturas que pasen dos 5.000 €, pero non está de acordo en que se inclúa nas Bases de execución do orzamento, por tal motivo non apoiará esta proposta. Engade que tiveron tempo suficiente para adaptar isto.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por quince votos a favor, os do PP e BNG, e dúas abstencións, as do PS de G-PSOE, acordan:

Primeiro.- Engadir nas Bases de execución do orzamento para o 2014 unha nova base 25.1., denominada “Tramitación da facturación electrónica”, cuxo contido será o seguinte:

“Base 25.1: Tramitación da facturación electrónica

1.- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015 e, en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

.- Sociedades anónimas.

.- Sociedades de responsabilidade limitada.

.- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.

.- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

.- Unións temporais de empresas.

.- Agrupacións de interese económica, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital de risco, fondo de investimentos, fondo de utilización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulación hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.

En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00€, impostos incluídos.

Este Concello determina establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus informes 43/2008, do 28 de xullo de 2008 e 26/2008, do 2 de decembro de 2008, que dispoñen que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluíndo o imposto sobre o valor engadido.

Igualmente, quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente, tras o anuncio no BOP, por 15 días, durante os cales quen teña interese poderá examinar o expediente e presentar as reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno deberá resolvelas.

5º.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO IES A PARALAIÁ

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 9/12/2014.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

«Con motivo da renuncia como concelleira do Grupo Municipal do PP, María del Carmen Maya Santomé, a cal estaba designada no Consello Escolar do Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe A Paralaia, non existe representante.

Recibido escrito do director do citado centro para designar novo representante municipal, esta Alcaldía propón o concelleiro D. Vicente Verdeal Ríos como membro de dereito no Consello

Escolar do IES A Paralaia, que actualmente ocupa o posto vacante deixado pola anterior titular María del Carmen Maya Santomé.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

Designar como representante da Corporación no Consello Escolar do Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe A Paralaia a don **Vicente Verdeal Ríos**.

6º.- MOCIÓN DO COLECTIVO “TOURADAS FÓRA DE PONTEVEDRA” SOBRE DECLARACIÓNS VARIAS EN CANTO A FESTEXOS TAURINOS NO CONCELLO DE MOAÑA

O Sr. Alcalde sinala que Antía Marinho Rivadulha presentou dúas mocións, e que foi notificada no correo electrónico indicado. Pregunta se está entre o público para que defenda a dita moción.

Non estando presente a persoa que solicitou a dita moción, todas e todos os concelleiros presentes acordan retirala da orde do día.

7º.- MOCIÓN DO COLECTIVO “TOURADAS FÓRA DE PONTEVEDRA” CONTRA ESPECTÁCULOS CIRCENSES CON ANIMAIS

Non estando presente a persoa que solicitou a dita moción, todas e todos os concelleiros presentes acordan retirala da orde do día.

8º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AA.VV. DE MOAÑA “A CHAMUSCA” EN RELACIÓN AO PASEO DA SEARA

Coa data 19/12/2014, rexistro de entrada número 8200, a Federación de AAVV A Chamusca presentou unha moción, que literalmente di:

« MOCIÓN PARA O PLENO DA CORPORACIÓN FEDERACION DE AAVV “A CHAMUSCA” MOAÑA

Francisco Ferreira Lorenzo con DNI 35985637-K, domicilio a efectos de notificacións en O Fuxón, 5 A, 36958 Tirán, Moaña, na súa calidade de presidente da FEDERACIÓN DE AA.VV. DE MOAÑA “A CHAMUSCA”, número 2004-117 2 (PO) no rexistro de asociacións e con CIF G-36208296, presenta a seguinte moción para ser tratada no vindeiro Pleno da Corporación:

Con data 3 de abril de 2014 a Federación dirixiu ao Sr. Alcalde a carta que a continuación se reproduce en relación co proxecto do paseo da Seara:

En relación co proxecto do paseo da Seara, que foi rexeitado no pleno do pasado xoves, a Federación de AA.VV. A CHAMUSCA DE MOAÑA quere manifestarlle o seguinte:

1º.- O total apoio a conexión do tramo da Seara como actuación imprescindible para completar o magnífico paseo peonil e de bici que Moaña ofrece desde O Con á illa do Samertolameu.

2º.- Rexeitar coa mesma firmeza o procedemento opaco da tramitación que impediu una correcta información sobre os detalles do proxecto e que crea unha enorme confusión pública sobre o mesmo, como quedou acreditado no pleno do xoves e que levou ao seu rexeitamento.

3º.- Solicitar un exercicio democrático de transparencia e participación sobre a cuestión, de tal xeito que a decisión final sexa tomada con todo o coñecemento e responsabilidade e non como consecuencia dunha liorta política, dividindo unha vez máis aos veciños.

4º.- En concreto, e ao abeiro do artigo 5 do Regulamento de participación veciñal, a Federación solicita:

- *A exposición pública a todos os veciños do proxecto que se propón.*
- *Unha xuntanza cos técnicos de Lagares Oca que poidan explicar os detalles do proxecto*

aos membros da Federación.

- Información xurídico-administrativa sobre as posibles reformas do proxecto e orzamento adxudicado.

5º.- A Federación ven de ter xuntanzas coa Asociación Cultural e Recreativa Sueste e, sendo coñecedora do seu traballo e proxectos na conservación das embarcacións tradicionais e da carpintería de ribeira, **aposta por unha solución que permita conciliar a construción do paseo co mantemento da actividade destas naves e garantir os seus plans museísticos.**

Pasados oito meses atopámonos que, non só non se deu resposta a proposta de información e participación veciñal, se non todo o contrario tratando de crear un falso conflito entre veciños a prol ou en contra do paseo, cando hai unha total unanimidade para que este sexa construído segundo o proxecto presentado pola A.V.V. A Praia – A Seara de Moaña, respectando sempre a integridade das carpinterías de ribeira, como se lle indicaba na devandita carta de abril de 2014.

A estas alturas coñecemos a través dos medios de comunicación que xa foi asinado o convenio de financiamento coa Axencia Galega de Infraestruturas e que xa está en proceso de licitación, segundo o proxecto de Lagares Oca, s.l. o que significa, entre outras cousas, o desmantelamento das carpintarías de ribeira.

Desde a Federación queremos lembrarlle o compromiso público que vostede asumiu no sentido de respectar o acceso e integridade destas carpintarías como patrimonio histórico do noso pobo e que serían postos en valor como elementos de memoria e museísticos, como se indica na nova Lei 2/2013 do 29 de Maio, de protección e uso sostible do litoral..., que fala da conservación e posta en valor dos elementos existentes na costa.

Pola información que temos non hai ningún elemento novo, legal, técnico nin orzamentario que impida esta actuación no sentido comprometido: pasarela de madeira pilotada sobre o mar por diante das carpintarías, deixando sitio para os carros de varada, con habilitación dun sistema de apertura para o paso de embarcacións aos estaleiros nos momentos puntuais de entrada ou saída de barcos.

Por outra banda resulta moi significativo que a nova Lei de Costas establece que as concesións existentes nese tramo deberán cesar, pasando as instalacións ao patrimonio do Ministerio de Medioambiente, sen esquecer a súa caducidade en calquera caso no ano 2018.

POR TODO O EXPOSTO, A FEDERACIÓN DE AA.VV “A CHAMUSCA” PROPOÑEMOS AO PLENO DA CORPORACIÓN A APROBACIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1º.- Que se inicien os trámites, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, para a reversión a dominio público de todas as concesións, caducadas ou non, situadas no tramo afectado polo proxecto do paseo da Seara, e con carácter inmediato e urgente, as das carpintarías de ribeira de Carlagho e Casqueiro.

2º.- Que o proxecto que pretende licitar e executar o Sr. Alcalde de Moaña, Lagares Oca S.L., sexa modificado en dous puntos concretos:

- a) Pasarela de madeira pilotada sobre o mar por diante das carpintarías de ribeira, deixando suficiente espazo para os carros de varada e anguías, con habilitación dun sistema de apertura para o paso de embarcacións aos estaleiros.*
- b) Reforma do aparcamento a carón da Casa do Mar segundo a proposta da A.VV. A Praia – A Seara de Moaña.*

Moaña, 19 decembro 2014. Asdo. Francisco Ferreira Lorenzo»

➤ Francisco Ferreira toma a palabra e indica que se decataron pola prensa de que se vai intervir nas carpintarías tradicionais. Presentamos un escrito no 2014 e apoiámos o paseo da Seara, e dixemos que o procedemento era opaco. Xa nos explicou, nunha sesión plenaria un técnico de fóa, o proxecto. Pedimos a presenza dos técnicos de Lagares Oca. E pedíamos que se mantivese

o sentido museístico das carpintarías. O proxecto non respecta as carpintarías. Había un compromiso público e por iso presentamos a moción. Pedimos que se caduquen as concesións das carpintarías de ribeira de Carlagho e Casqueiro. Todos queremos que o paseo se remate pero queremos que se conserve e se respecten as carpintarías como un ben patrimonial. Debemos tomar unha decisión política e defender o noso patrimonio. A solución sería unha pasarela que permita o paso de embarcacións. Tamén nos parece que o aparcamento detrás da Casa do Mar non ten pés nin cabeza.

➤ Don Odilo Barreiro toma a palabra e entrega a súa intervención para constancia na acta que literalmente di:

Antes de entrar no contido propio da moción, dende o BNG queremos deixar patente as seguintes cuestións ao respecto do proxecto do paseo da Seara que é obxecto da presentación desta moción.

** Primeiramente a falta de transparencia na tramitación de todo o proceso. Nin se informou en ningún momento aos grupos da oposición, nin ás asociacións de veciños implicadas, nin as asociacións culturais afectadas polo proxecto... en definitiva a ninguén. Un escurantismo que pretende ocultar a desfeita que está proxectada e xogar coa opinión de veciños e veciñas que descoñecen a verdadeira realidade do proxecto.*

** En segundo lugar, a continuidade na tramitación do proxecto ignora o acordo adoptado anteriormente por este pleno, que quería un proxecto en condicións e integral para todo o ámbito de actuación, que recollese a protección das carpintarías de ribeira e a protección do noso patrimonio. Un pleno que deixou ben ás claras as súas trapalladas. Pero vostede segue empeñado, erre que erre, cun proxecto que é unha chamonada (non se me ocorre cualificalo doutra maneira) e que os veciños e veciñas comprobarán cando se comece a facer.*

** Pero ademais estamos ante un procedemento cheo de irregularidades na tramitación do expediente:*

- Existen catro terreos que deberían estar expropiados para levar adiante o proxecto, e a día de hoxe seguen sen estar expropiados. Que pensa que vai pasar se mete a pala escavadora nalgún destes terreos sen realizar legalmente a expropiación? Péñseo por un segundo.

- Ademais pediu vostede un informe a Costas buscando amparo legal, e o enviado por ese organismo límitase a describir a situación dos terreos afectados. En ningún momento fala de que a propiedade estea recuperada por Costas, nin que o concello poida actuar sobre eles. No caso de actuar estaría asumindo unha decisión inxusta a sabendas de que o é, estaría vostede prevaricando.

- Pero hai máis, para poder aprobar o proxecto en xunta de goberno, solicitou vostede unha certificación ao secretario que só puido limitarse a deixar constancia das cesións xa feitas e a reproducir e anexionar o informe de costas. É dicir non puido certificar a dispoñibilidade efectiva dos terreos obxecto de actuación, o que sería preceptivo para continuar adiante con todo o procedemento. E aínda así, mandou vostede o proxecto a Compostela, sabendo que os terreos nin sequera están a disposición de Costas. A xunta de goberno está asumindo a sabendas unha mentira e deberá responsabilizarse das consecuencias legais ás que haxa lugar.

De todos os xeitos, o grupo municipal do BNG quere deixar ben claro que no se opón a continuación do paseo no tramo da Seara. É máis, consideramos preciso actuar sobre esa zona. Ao que nos opoñemos é á maneira de facer as cousas deste goberno do PP: sen información, sen consenso, sen a máis mínima sensibilidade polo noso patrimonio cultural e cun proceder cheo de irregularidades presuntamente delictivas.

Sabemos da súa urxencia, sr. Fervenza, para ter algo que inaugurar despois de catro anos de desgoberno e parálise municipal. Pero non conte con nós para que actuemos de parvos útiles nesta chamonada, nesta desfeita chea de irregularidades, que hipoteca un desenvolvemento axeitado da zona en cuestión e que afecta á conservación do noso patrimonio cultural.

E ao respecto da moción que ben hoxe a pleno, o BNG entende que ante todo o descrito o mellor sería reformular o proxecto, iniciando unha nova tramitación con suficiente información, con consenso e con garantías legais.

De todos os xeitos, e como as propostas que se recollen na moción van no camiño de mellorar o pouco e malo que existe ate agora, xa que buscan o consenso e legalidade do procedemento, imos apoiala. Agardando que leven a recapacitar ao grupo de goberno e a abandonar o seu escurantismo e imposición neste tema.

- Dona Marta Freire indica que apoiamos a moción de A Chamusca. Indica que houbo escurantismo. Decatámonos pola prensa da licitación e vostede non nos deu información. E a obra licitouse. Ocultaron información e non quixeron escoitar as nosas propostas. Non se dan explicacións das outras alternativas. Non estamos en contra do paseo da Seara, pero non nos vale calquera proxecto. Hai que respectar a musealización das carpintarías de ribeira. Non se puxeron en valor. Proxecto da Seara si, proxecto de Ferverza no.
- PEDIU INTERVIR, POR ESCRITO DE DATA 22/12/2014, DON JOSÉ CARLOS CURRÁS PENA, QUEN LLE PREGUNTA AO SR. ALCALDE CANTA DÉBEDA TEN ESTE CONCELLO.
- O Sr. Alcalde responde que uns dez millóns de euros. Nos vindeiros primeiros meses cuantificarase.
- Don José Carlos Currás pide un posicionamento racional. Vostedes tíñano na man e agora fan *pataletas* e iso non lles vale. Moitos cidadáns estamos fartos das asociacións de veciños, cada vez son máis numerosas. Hai unha xusta reclamación pedindo un centro de saúde pero non temos medios económicos. O Tribunal Constitucional di que toda concesión deixa de ter valor cando existe interese público, e deben cesar nas condicións, así se evita comprar terreos privados. Eu non pertenzo a ningún partido. Son crítico con todos. En Canarias, onde estou fan falla plataformas. Eu son fillo de José Currás Alonso, coñecido como Pepe Currás. Grazas.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP, acordan:

1º.- Que se inicien os trámites, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, para a reversión a dominio público de todas as concesións, caducadas ou non, situadas no tramo afectado polo proxecto do paseo da Seara, e con carácter inmediato e urgente, as das carpintarías de ribeira de Carlagho e Casqueiro.

2º.- Que o proxecto que pretende licitar e executar o Sr. Alcalde de Moaña, Lagares Oca S.L., sexa modificado en dous puntos concretos:

- a) Pasarela de madeira pilotada sobre o mar por diante das carpintarías de ribeira, deixando suficiente espazo para os carros de varada e anguías, con habilitación dun sistema de apertura para o paso de embarcacións aos estaleiros.
- b) Reforma do aparcamento a carón da Casa do Mar segundo a proposta da A.VV. A Praia – A Seara de Moaña.

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

Coa data 23/12/2014, rexistro de entrada número 8273, o portavoz do BNG, don Xosé Manuel Millán Otero, presentou unha moción sobre a tarifa eléctrica galega, que literalmente di:

« MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE TARIFA ELÉCTRICA GALEGA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode

comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0 %
2002	37,7 %
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos

Porén, a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade -aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida das persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito -sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar a Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas dun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas. Moaña, 22 de decembro de 2014. Asdo: Xosé M. Milán Otero. Portavoz Municipal.»

➤ Don Odilo Barreiro toma a palabra e entrega a súa intervención para constancia na acta que literalmente di:

DEFENSA MOCIÓN TARIFA ELÉCTRICA DIFERENCIADA PARA GALIZA

Boas tardes:

A presentación desta moción ten como obxectivo instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha tarifa eléctrica diferenciada para Galiza, tanto no consumo doméstico coma no consumo industrial.

E isto responde a varias e xustificadas razóns:

Primeiro porque por decisións políticas e en base aos recursos que posúe, Galiza foise especializando na xeración de enerxía eléctrica. De tal xeito que hoxe somos un país exportador neto de electricidade ao resto do Estado Español. Acompaña o texto da moción unha táboa confeccionada con datos do INEGA onde se pode comprobar a porcentaxe de enerxía exportada por Galiza ano tras ano. Sempre superior ao 30% nos últimos anos.

Porén isto garda unha contradición peculiar, somos excedentarios na produción de enerxía eléctrica, pero consumidores e empresas, pagamos un prezo coma se fôsemos tan deficitarios como Madrid, Ceuta ou Canarias. Iso sí, os custes socioambientais de produción só os pagamos os galegos e galegas.

Outra das razóns para defender a tarifa eléctrica diferenciada para Galiza é o feito de que a tarifa única no Estado foi unha imposición do franquismo no ano 1.951 e que se comezou a aplicar en 1.953. Todo co único fin de que as zonas do Estado máis deficitarias (Madrid, Baleares, Canarias, Ceuta, Mellilla,...) non tivesen que asumir un sobrecooste que por lóxica lle correspondería. Cando a tarifa eléctrica diferenciada é algo frecuente tanto na Europa coma noutros países do mundo. Nun excelente artigo publicado por Fernando Branco Parga, e cuxa lectura lles recomendo, o autor fala de Estados coma o Reino Unido con ata 14 áreas de subministro de electricidade con prezos

diferenciados. E tamén cita a outros estados como Alemaña ou Suíza. Polo tanto, por que familias e empresas galegas temos que pagar un prezo pola enerxía eléctrica coma se esta viñese dende Madrid, cando a producimos á beira das nosas casas? De todos os xeitos, isto non causaría o máis mínimo problema se tivésemos un prezo eléctrico final axeitado. Pero dáse a casualidade de que non é así senón todo o contrario. Segundo datos do Eurostat, o Estado Español ten o NOVENO prezo máis caro da UE en tarifa eléctrica para uso industrial e o SEXTO máis caro para uso doméstico. E o que é máis grave, se lle quitamos os impostos, o prezo da enerxía eléctrica para uso doméstico é o TERCEIRO máis caro da UE. Súmenlle a isto que temos o soldo un 15,34 % por debaixo da media europea e as pensións das máis baixas de Europa, (e na Galiza por debaixo do Estado), e o cóctel é explosivo: moitas familias galega vivindo nunha situación de pobreza enerxética absoluta e empresas abocadas ao peche. Iso si, as grandes empresas eléctricas españolas son as que obteñen os maiores beneficios da UE.

Pero ahí máis razóns que xustifican a tarifa eléctrica diferenciada para Galiza.

Unha curiosa é que a nova Lei 24/2013, promulgada polo PP e que regula o sector, establece a posibilidade de crear suplementos territoriais por valor dos impostos autonómicos á actividade eléctrica. É dicir que podería pasar que na Galiza pagásemos a luz máis cara que en Madrid, porque nós somos produtores e gravaríase a tarifa eléctrica cun novo imposto, e en Madrid que precisa dun aporte do 90 % en materia enerxética non tivesen ese imposto ao non ser produtores, e tamén un recibo da luz máis barato.

Pero tamén o PP, que aquí na Galiza non dubidou en cualificar de simplista a proposta de tarifa eléctrica diferenciada, acepta esa tarifa para outros territorios do Estado. Estamos a referirnos ao feito de que na negociación de proposta de peaxes enerxéticos realizada polo Goberno Español par o 2015, e co fin de buscar apoios parlamentarios, pactaron co PNV unha singularidade técnica das liñas de distribución en Euskadi, o que vai provocar un aforro moi importante no recibo eléctrico para as empresas vascas.

E mentres na Galiza, centos de postos de traballo están en perigo por mor dun Goberno Galego que non é quen de defender os dereitos do pobo ao que representa.

Pero que podemos agardar dun Feijoo que tiña na sede do PP a noite electoral das pasadas eleccións galegas ao presidente dunha das principais empresas do sector. Ou de gobernos estatais que empregan a estas compañías a aos seus consellos de administración como lugares de xubilación dourada.

Pois ben, para o BNG é o momento de rachar con esta discriminación e de reclamar o que por xustiza nos corresponde. E por iso traemos a este pleno a proposta de adopción do seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaxe as peaxes das tarifas dun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

➤ Dona Rosa Solla pide colaboración, e sinala que se trata dunha tarefa única. Respecto a Euskadi, estase a negociar. Haberá un novo réxime de peaxe. As estatísticas de Eurostat indican que aquí baixou 1,01% e na eurozona subiu un 6%. Nalgúns países como Alemaña subiu un 11,40%, Reino Unido un 7,45%, Francia un 9%, e tamén subiu en Portugal. Temos a tarifa nun 8% máis barata da media da Unión Europea para as industrias segundo Eurostat. Non atopamos os datos que vostede trae. Os datos de Eurostat non ven discriminación.

➤ Don Odilo Barreiro indica que se reduce a tarifa aos vascos respecto ao resto do estado. O acordo está feito. E interésalle ao PP para ter apoios. Lemos as mesmas páxinas pero interpretámolas de xeito diferente. Aínda que se reduza, a nosa tarifa é a terceira máis cara da Unión Europea. Se o PP quere arranxar algo hai que ser xustos con Galiza, que temos os soldos máis baixos e un menor sector empresarial que o resto.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP, acordan:

Instar a Xunta de Galiza a demandar do Goberno español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaxe as peaxes das tarifas dun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE NOVOS CONTRATOS CON SOGAMA

Coa data 23/12/2014, rexistro de entrada número 8272, o BNG presentou unha moción sobre os novos contratos con SOGAMA que literalmente di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a "Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos".

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, ven a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as "novas" condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia resolución recoñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condicións realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria "expres" sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas,

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta debera estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito, Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. *Interpór recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*
2. *Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.*
3. *Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.*

Moaña, 22 de decembro de 2014.

➤ Dona coral Ríos toma a palabra e entrega a súa intervención para constancia na acta que literalmente di:

Na súa páxina web SOGAMA defínese como "consultora medioambiental". sendo moi curioso o detalle xa que precisamente SOGAMA non se caracteriza polo fomento da reciclaxe nen o tratamento alternativo do lixo e reduce todos os procesos á incineración.

Nos demandamos que haxa promoción e apoio dende o goberno galego a todos aqueles concellos ou mancomunidades que aposten por recollidas e tratamentos de reciclaxe modernos e alternativos que se están a practicar nas comunidades máis avanzadas do estado, ao goberno do pp segue no século XX e aplicando solucións antigas e superadas. o BNG quere unha Galiza moderna con solucións do século XXI para o tratamento do lixo.

Pero o peor de todo non é xa que esteamos no pasado, o peor é que as tarifas que queren aplicar son do futuro cunha subida irracional e unilateral que os concellos, xa afogados pola crise, non van ser quen de asumir.

Esta actitude dictatorial da consellería que impuxo esta modificación "expres" de tarifas sen consultar se quera coa federación de municipios para establecer unha posibilidade de negociación ou consenso, da a sensación que só vai cubrir os intereses da conta de resultados de sogama.

E como guinda do pastel resulta que non houbo nen tan sequera información oficial, resulta que nos tivemos que enterar pola prensa.

Por todo o anteriormente exposto o BNG vai facer mocións en todos os concellos de Galiza para deter esta inxustiza.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP, acordan:

- 1.- *Interpor recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta en tanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*
- 2.- *Instar o Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.*
- 3.- *Instar o Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.*

11.- ROGOS E PREGUNTAS

- Don Ezequiel pregunta pola nave que foi vendida. Nós alegrámonos pola venda da nave polo emprego que pode xerar esa fábrica. Pero débese restablecer a zona de dominio público que son cinco metros, e pregunta se se vai restablecer esa zona de dominio público.
- O Sr. Alcalde responde que cre que se vai restablecer, se non Augas de Galicia non autorizarían. Consultará con urbanismo e sinala que o expediente está a disposición de vostedes.
- Un veciño, Benjamín, indica que hai escurantismo, xa que pediu unha reunión co Alcalde e os concelleiros e non nos recibe.
- O Sr. Alcalde responde que se fixeron todas as reunións que pediron.
- Benjamín pregunta se vai seguir co escurantismo. Enterámonos disto e todos sabemos que non vale e vai ser fatal para o pobo de Moaña. Non hai información do Goberno. Nós queremos que se faga o paseo, pero están as carpintarías.
- O Sr. Alcalde invítalo a unha próxima reunión. Felicita as festas a todos.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21:10 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García